



LER
PARA
SABER



Estratexias de animación á lectura









rodeira



**LER
PARA
SABER**

**Estratexias
de animación á lectura**

LIBRO: A SÍNDROME DE BERGERAC								
INTELIXENCIAS MÚLTIPLES								
ESTRATEGIAS								
1	X		X				X	X
2	X						X	X
3	X		X				X	X
4	X	X	X	X	X		X	X
5	X		X	X	X		X	X
6	X		X				X	X

LIBRO: A SÍNDROME DE BERGERAC											
COMPETENCIAS BÁSICAS											
ESTRATEGIAS											
	ESCOITAR	FALAR	LER	ESCRIBIR	COMPETENCIA MATEMÁTICA	COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E A INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO	TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIGITAL	COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ	COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA	COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER	AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL
1	X	X		X				X	X	X	X
2	X	X	X	X			X	X	X	X	X
3	X	X	X	X			X	X	X	X	X
4	X	X	X	X	X		X	X	X	X	X
5	X	X	X	X			X	X	X	X	X
6	X	X	X	X			X	X	X	X	X

OBXECTIVOS XERAIS



- * Promover o hábito da lectura.
- * Desenvolver a expresión oral e escrita.
- * Fomentar a capacidade crítica.
- * Potenciar as habilidades sociais necesarias para traballar en grupo.
- * Fomentar a empatía.
- * Aumentar a capacidade para a toma de conciencia e a reflexión.
- * Fomentar nos alumnos as capacidades de busca e organización da información.
- * Desenvolver as habilidades TIC.

ORIENTACIÓNS

A maioría das actividades propostas están pensadas para traballar en grupos reducidos e, posteriormente, con todo o grupo-clase. Por iso, consideramos importante que o profesor intente promover un bo clima na aula, onde se respire confianza e respecto por todas as opinións expostas polos alumnos.

As actividades propostas poden traballarse en distintos graos de ampliación en función dos intereses do grupo (ou do profesor) e están baseadas na **aprendizaxe cooperativa** e nas **rutinas de pensamento**.

A **aprendizaxe cooperativa** é un método baseado no traballo en equipo dos estudantes. Inclúe diversas técnicas nas que os alumnos traballan conxuntamente para lograr determinados obxectivos comúns dos que son responsables todos os membros do equipo.

As **rutinas de pensamento** son estruturas coas que os alumnos —dunha maneira individual ou colectiva— inician, discuten e xestionan o seu pensamento á vez que descubren modelos de conduta que permiten utilizar a mente para xerar pensamentos, reflexionar e razoar.

A lectura desta novela pode dar pé ao traballo de aspectos como:

- ♥ Amizade-amor.
- ♥ Educación moral e cívica.
- ♥ Educación pola igualdade de oportunidades entre sexos.
- ♥ Tolerancia-solidariedade.

ACTIVIDADE 1:

Antes da lectura: «**VEXO, PENSO, PREGÚNTOME**»

OBXECTIVOS XERAIS

- * Motivar a lectura do libro.
- * Traballar a expresión oral e escrita.
- * Fomentar a capacidade crítica e de formular hipóteses.

ACTIVIDADE

Nesta rutina de pensamento, o profesor amosaralle ao grupo a imaxe da portada do libro e pediralles aos alumnos que a observen e que, de modo individual, respondan as seguintes cuestións:

- * Que é o que ves? (deben razoar as súas interpretacións).
- * Que é o que pensas?
- * Que te preguntas sobre a imaxe que estás vendo?

Para responder as preguntas darémoslles unha ficha preparada para que poidan completala.

VEXO Que é o que observo?	PENSO Que creo que significa?	PREGÚNTOME Que dúbidas teño?

Despois de finalizar a tarefa individual, realízase a posta en común. É conveniente que os alumnos comencen sempre as frases con «vexo...», «penso...», «pregúntome...».

ORIENTACIÓNS

En caso necesario, durante a posta en común, o profesor axudaralles aos alumnos a reformular os seus pensamentos e a organizalos de modo coherente.

ACTIVIDADE 2:

Antes da lectura: «**CONCURSO**»

OBXECTIVOS XERAIS

- * Potenciar as habilidades sociais necesarias para traballar en equipo.
- * Fomentar a capacidade de reflexión.
- * Potenciar a expresión oral e a capacidade argumentativa.

ACTIVIDADE

Nesta actividade propónselles aos alumnos organizar un «concurso» relacionado co autor do libro: Pablo Gutiérrez.

Dividirase a clase en 2 ou 3 grupos que terán que elaborar un número determinado de preguntas (de 10 a 15) relacionadas co autor e coas súas obras. Para obter información, terán que investigar sobre el.

De modo alternativo, os grupos irán formulando as súas preguntas e, no encerado, iranse anotando os acertos de cada grupo para, ao finalizar o xogo, poder constatar cal é o equipo gañador.

Cada equipo terá un tempo determinado para responder as preguntas (o profesor determinará este tempo e encargarse de controlalo).

Poderán consultar a resposta entre eles, pero só se aceptará unha única resposta por equipo.

Cada un dos equipos escollerá un voceiro/a, que será o que dará a resposta elixida polo grupo.

ORIENTACIÓNS

Cada un dos equipos escollerá un voceiro/a, que será o que dará a resposta elixida polo grupo.

Á vez, terá o labor de velar polo cumprimento das normas do concurso que el mesmo expuxo aos alumnos antes de iniciar o xogo.

ACTIVIDADE 3:

Durante a lectura: «**CLÁSICOS DA LITERATURA**» - Grupo de investigación

OBXECTIVOS XERAIS

- * Potenciar as habilidades sociais necesarias para traballar en grupo.
- * Desenvolver a expresión oral e escrita.
- * Potenciar o gusto pola estética.
- * Aplicar técnicas dixitais.

ACTIVIDADE

Ao longo da novela, o autor fai referencia constantemente a autores clásicos e modernos da literatura universal: Giovanni Boccaccio, Lope de Vega, Miguel de Cervantes, Enid Blyton, Edmond Rostand, Dante Alighieri, William Shakespeare etc.

O profesor organizará a clase en grupos de 4 ou 5 alumnos e, mediante a técnica de traballo cooperativo, estes terán que preparar unha presentación dixital sobre algún destes escritores para expoñela posteriormente ante os compañeiros. Para iso terán que planificar a tarefa e como executala, así como distribuír as tarefas entre os membros do seu equipo.

ORIENTACIÓNS

Sería aconsellable facilitarles aos alumnos o acceso a equipos informáticos para a busca de información.

ACTIVIDADE 4:

Durante a lectura: «**REPRESENTACIÓN TEATRAL**»

OBXECTIVOS XERAIS

- * Potenciar as habilidades sociais necesarias para traballar en grupo.
- * Desenvolver a expresión oral e escrita.
- * Potenciar o gusto pola estética e a arte.
- * Aplicar técnicas teatrais.

ACTIVIDADE

Esta actividade consiste en escoller unha escena do libro (non é necesario acabalo de ler) para logo crear unha ou dúas escenas máis inventadas, que despois serán representadas polo grupo de traballo. Para iso, organizarase a clase en grupos de tamaño variable en función do fragmento que se vai escenificar (recoméndase grupos de 5-6 persoas).

Despois de finalizar a preparación da obra teatral, farase unha pequena representación ante o resto da clase. Sería conveniente que esta non excedese os 10 minutos de duración.

Tras terminar cada obra, o resto da clase avaliará ao grupo tendo en conta os seguintes aspectos:

- Se a representación é correcta.
- Se os actores expresaron correctamente as súas emocións.
- Se os intérpretes se expresaban con claridade.
- Se todos os membros do grupo participaron.
- A calidade, a vistosidade dos decorados, do vestiario etc.
- Valoración global.

Para iso daráselle a cada grupo de traballo unha ficha avaliativa cos distintos ítems que hai que valorar. Puntuaranse do 1 ao 5, sendo o 1 a valoración mínima e o 5 a máxima.

EQUIPO	1	2	3	4	5
A representación é correcta.					
Os actores expresaron correctamente as súas emocións.					
Expresábanse con claridade.					
Todos os membros do grupo participaron.					
A achega de elementos extras: vestiario, decorados, música etc.					
Valoración global.					

O profesor recollerá as diferentes valoracións e poderaas utilizar como parte da valoración final da actividade.

ORIENTACIÓNS

Hai que tener en conta que, aínda que a representación sexa breve, require un tempo de preparación importante. Sería interesante pedir a colaboración de profesores doutras materias, como música, plástica ou educación física.

A criterio do profesor (ou dos propios alumnos), poderase engadir algún ítem para valorar na ficha avaliativa.

Unha opción interesante sería a de realizar a obra en lingua inglesa.

ACTIVIDADE 5:

Despois da lectura: « **BOOK TRAILER** »

OBXECTIVOS XERAIS

- * Potenciar as habilidades sociais necesarias para traballar en grupo.
- * Desenvolver a creatividade.
- * Potenciar o gusto pola estética e a arte.
- * Aplicar técnicas audiovisuais.
- * Reforzar a comprensión lectora e a capacidade de síntese.

ACTIVIDADE

A finalidade desta actividade é realizar unha montaxe dixital (un booktrailer) de curta duración, no que se conta visualmente en que consiste a obra e que se poderá utilizar como presentación ou resumo desta, pero... sen contar demasiado!

Para iso, os alumnos poden formar grupos de entre 4 e 6 compoñentes.

A primeira fase consistirá en confeccionar un guiión de traballo e decidir que información aparecerá no booktrailer e que tipo de elementos audiovisuais se utilizarán e combinarán: texto (frases curtas e simples), fotos (mostra do libro), música, vídeos etc.

Na segunda fase, o grupo tense que organizar para levar a cabo as diferentes tarefas que se van realizar: preparación, busca de vestiario, selección da música, gravación, edición e presentación.

Para ter máis claro que é o que hai que facer é aconsellable visualizar algúns booktrailers dispoñibles na Rede:

- <https://www.youtube.com/watch?v=S6WuzK8qGpo>
- <https://www.youtube.com/watch?v=L11UMthP7yo>
- <https://www.youtube.com/watch?v=fqj5hogfY3k>

Como puidestes observar, as opcións son múltiples, xa que logo... A poñer en funcionamento a creatividade!

ORIENTACIONES

Cómpre ter en conta que a elaboración dun booktrailer require un tempo de preparación importante. Sería interesante pedir a colaboración de profesores doutras materias como música, plástica ou informática.

É aconsellable que a montaxe non supere os 3-4 minutos de duración.

ACTIVIDADE 6:

Despois da lectura: «**A NOTICIA**»

OBXECTIVOS XERAIS

- * Desenvolver a capacidade de síntese.
- * Fomentar a capacidade de reflexión e escoita.
- * Potenciar a empatía.
- * Desenvolver a expresión oral.
- * Desenvolver a expresión escrita.

ACTIVIDADE

Tras finalizar a lectura do libro, pediráselles aos alumnos que —en grupos de tres ou catro— elaboren unha noticia que resuma os acontecementos que teñen lugar na novela.

Durante a posta en común do grupo crearase unha listaxe de datos para poder visualizalos e reflexionar sobre eles co fin de decidir se se inclúen ou non no texto do artigo.

Os alumnos deben ter en conta as características propias deste tipo de textos, xa que unha noticia ten que responder os seguintes interrogantes:

- Que? • Quen? • Onde? • Cando? • Como?

Ademais, terán que elaborar un título e/ou un subtítulo para a noticia.

Ao final do proceso preguntáráselles como foi evolucionando a noticia e as dificultades que lles puidesen ir xurdindo.

ORIENTACIÓNS

Unha proposta tamén podería ser preparar un mural na aula con todas as noticias elaboradas polos alumnos.